



XUNTA
DE GALICIA

**PREVENCIÓN
E SAÚDE LABORAL
ANTE O CORONAVIRUS**

INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN

issga.xunta.gal



COMEZO DA ACTIVIDADE

- ▶ O **servizo de prevención** de riscos laborais deberá identificar e valorar as **medidas** para o persoal **especialmente sensible**.
- ▶ **Non ir traballar con febre** ou **síntomas da COVID-19** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- ▶ **Difundir mediante paneis as recomendacións** da autoridade sanitaria e do servizo de prevención ante o coronavirus.
- ▶ **Os desprazamentos faranse mellor de forma individual**. No transporte **colectivo** é obrigatorio o uso de **máscara**. Seguir sempre as indicacións das autoridades.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- ▶ **Manter 1,5 metros de seguridade** nas zonas de taller, oficinas, áreas de recepción, zonas colectivas e de paso.
- ▶ Establecer **pautas para acceder ao centro de traballo** para que a entrada e a saída sexan fluídas e ordenadas e se reduza o contacto entre quendas.
- ▶ **Reorganizar os accesos** aos vestiarios e aos postos de traballo, se é posible, de maneira **unidireccional**.
- ▶ **Sinalizar no chan** as distancias a respectar e definir camiños para desprazarse.
- ▶ **Controlar o acceso do persoal externo** e limitar a súa presenza. Fixar horarios e zonas para provedores.



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- ▶ **Difundir a todas as empresas** concorrentes e **persoal autónomo** as medidas preventivas adoptadas.
- ▶ **Reducir a presenza de persoal en función da superficie do centro de traballo**.
- ▶ O persoal estará situado **sempre no mesmo lugar** dentro da liña de traballo, co obxectivo de controlar e minimizar o número de contactos.
- ▶ **Adaptar o posto ou limitar as tarefas** con maior probabilidade de contacto para o persoal máis vulnerable á infección.
- ▶ Valorar o **risco de carga física e mental** do persoal e adoptar medidas preventivas.



HIXIENE E LIMPEZA

- ▶ Reforzar a dispoñibilidade de **material de limpeza e hixiene**.
- ▶ Dispoñer de **contedores** con tapa, pedal e bolsas recambiáveis.
- ▶ **Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.
- ▶ **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado. Se esberramos ou tusimos con **máscara**, cambiala despois e lavar as mans.
- ▶ **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- ▶ **Evitar compartir** comida, bebida, ferramentas e outros obxectos.
- ▶ **Limpar e desinfectar as superficies e útiles de traballo** diariamente, ao terminar cada quenda de traballo e cando se producen cambios entre o persoal.
- ▶ O uso da **máscara é obrigado** aínda que se poida garantir a distancia de seguridade de 1,5 m. Non será obrigado mentres se desenvolvan tarefas en solitario ou cando, polo tipo de actividade resulte incompatible conforme as indicacións sanitarias. O servizo de prevención debe asesorar sobre as condicións de uso da máscara.
- ▶ **Ventilar** as oficinas como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario. Asegurar a renovación do aire. Se hai sistemas de ventilación ou climatización instalados ademais vixiar o seu correcto funcionamento e mantemento.



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña **981 182 329** issga.coruna@xunta.gal
Lugo **982 294 300** issga.lugo@xunta.gal
Ourense **988 386 395** issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra **886 218 101** issga.pontevedra@xunta.gal
Santiago **881 999 332** issga@xunta.gal